

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AO ABONO DE INDEMNIZACIÓNS POR DANOS MORAIS, POR IMPOSICIÓN DE REFORZOS COMO BOMBEIRO, A FAVOR DE D. [REDACTED], VISTAS AS SENTENZAS DITADAS NOS PROCEDEMENTOS CONTENCIOSO ADMINISTRATIVOS 1/2020 E 1/2020 E O ABONO DE DIETAS DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Á PRESTACIÓN DE TURNOS DE 24 HORAS CONTINUADAS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 33-2021, por un importe total de 19.500,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ao abono de indemnizacións por danos morais, por imposición de reforzos forzosos como bombeiro, a favor de D. [REDACTED], vistas as sentenzas ditadas nos procedementos contencioso-administrativos 1/2020 e 1/2020 e a liquidación de dietas do persoal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios correspondente á prestación de turnos de 24 horas continuadas (Base de execución do orzamento 2021 do Concello de Lugo nº 18).

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1483 de data 21/09/2021, así como RCMOD: 2021/65331 de data 21/09/2021, por importe de 19.500,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 19.500,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
13600.12004	19.500,00 €	13600.23020	19.500,00 €